



O casamento da pulga e o piollo

Tradicional



1. A pulga e o piollo queríanse casar,
tan ricos estaban que non tiñan pan.

2. E saiu a toupa da súa toupeira.
Fágase a voda que eu serei panadeira.

3. Ahora, mi vida, panciño tenemos.
Fáltano-lo viño. ¿Dónde lo hallaremos?

4. Saiu o mosquito do seu mosquiteiro.
Fágase a voda que eu serei taberneiro.

5. Ahora, mi vida, viñño xa temos.
Fáltano-la carne. ¿Dónde la hallaremos?

6. E saiu o lobo detrás do outeiro.
Fágase a voda que eu serei carniceiro.

7. Ahora, mi vida, carniña xa temos.
Fáltano-los manteles. ¿Dónde los hallaremos?

8. E saiu a araña da súa arañeira.
Fágase a voda que eu serei tecedeira.

9. Ahora, mi vida, manteles xa temos.
Fáltano-lo padriño. ¿Dónde lo buscaremos?

10. E saiu o rato detrás do muiño.
Se prenden ó gato eu serei padrino.

11. Ahora, mi vida, padriño xa temos.
Fáltano-la madriña. ¿Dónde la hallaremos?

12. E saiu a rá da súa regueirinha.
¡Fágase a voda, que eu serei madriña!

13. Ahora, mi vida, madriña xa temos.
Fáltano-lo danzante. ¿Dónde lo hallaremos?

14. E saiu o sapo de moi arrogante.
Fágase a voda que eu serei danzante.

15. Ahora, mi vida, danzante tenemos.
Fáltano-lo gaiteiro. ¿Dónde lo hallaremos?

16. E saiu o grilo do seu grileiro.
Fágase a voda que eu serei gaiteiro.

17. Homes e mulleres, rapaces e todos,
vinde ve-la dote que me deu meu sogro.

18. Unha cabra vella e un cabrito coxo,
unha manta vella cun remendo roxo.

19. No medio da voda houbo un barulliño,
desprendeuse o gato e comeu ó padrino.